



**ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN DE ACTIVIDADES E SERVIZOS DO
CONSELLO SOCIAL DO 18.02.2020**

LUGAR: Sala II do Edificio Miralles - Campus de Vigo

DATA: 18.02.2020

HORA DE COMEZO: 12:15 h.

HORA DE REMATE: 13:00 h.

LISTA DE ASISTENTES

D. Ernesto Pedrosa Silva

D^a Mercedes Castro Mouzo

D. José M^a Franco García

D^a Marta Iglesias Bueno

D^a Ana Isabel Vázquez Reboredo

ESCUSAN ASISTENCIA

D. Miguel Ángel Michinel Álvarez

D. César Blanco Gómez

Secretario: D. Ignacio Rodríguez Iglesias



O martes, día 18 de febreiro de 2020, ás 12:15 horas, celebrouse reunión ordinaria da Comisión de Actividades e Servizos do Consello Social da Universidade de Vigo co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

ORDE DO DÍA

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (21.11.2019).
2. Informe do presidente.
3. Proposta de renovación do acordo para actualizar os contidos da páxina Web en 2020, mantemento e comunicación informativa de actividades.
4. Avaliación e acordo que proceda, para elevación ao Pleno, da distribución de axudas previstas na convocatoria Aberta de Prácticums que promove o Consello Social. Novo procedemento para a tramitación dos pagos.
5. Acordo que proceda sobre a solicitude de colaboración coa Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais para a organización dun Foro de emprego.
6. Acordo que proceda sobre a axuda solicitada para organizar o Foro Tecnolóxico, orientado a propiciar a empregabilidade dos alumnos das escolas técnicas do Campus de Vigo.
7. Acordo que proceda sobre a proposta de patrocinio dun Premio á mellor iniciativa de innovación social, convocado para alumnos e cidadáns dentro do evento Hack for Good 2020, no Campus de Vigo.
8. Aprobación da achega precisa para organizar en Ourense o Encontro técnico de secretarios de Consellos Sociais, promovido polo Consello Social de Vigo e a Conferencia de Consellos Sociais das universidades españolas (CCS).
9. Acordo que proceda sobre o apoio excepcional, durante 2020, ás actividades e ás diferentes liñas de traballo que posibiliten a posta en funcionamento, operatividade e accións prácticas do Observatorio de Egresados da UVigo.
10. Rogos e preguntas.

Agradece Ernesto Pedrosa a asistencia dos presentes á reunión, que da inicio a un novo exercicio do Consello Social.

PUNTO 1

Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (21.11.2019).

- ***Apróbase por asentimento.***

PUNTO 2

Informe do presidente.

Da conta o presidente das conclusións do "Barómetro de empregabilidade da UVigo", elaborado polas profesoras Gloria Caballero e M^a Jesús López e promovido dende o Consello Social. Comunica que se agarda a achega das publicacións impresas do traballo, do que se fará unha presentación pública no seu momento.

Ernesto Pedrosa propón de seguido que, atendendo unha petición da Vicerreitoría de Comunicación, e de xeito excepcional, se financie a inserción dun anuncio conxunto do Consello Social e da UVigo no "Informe Galicia 2020", que edita a revista "Tempos Novos", cun custo de **1.000 €**. A Comisión da a súa conformidade, ao igual que valida a tramitación do pago de 30.000 € á Fundación Universidade de Vigo correspondente ao exercicio de 2019, aprobado o 21 de maio de 2019 nesta mesma Comisión e ratificado polo Pleno o 4 de xuño de 2019.



PUNTO 3

Proposta de renovación do acordo para actualizar os contidos da páxina Web en 2020, mantemento e comunicación informativa de actividades.

Propónse renovar a contratación externa da actualización de contidos na Web, o mantemento e a comunicación das iniciativas e presencias que desenvolve o Consello Social, de xeito que se poida garantir que estea permanentemente actualizada e dea resposta axeitada ás necesidades actuais, a visibilidade e ás actividades do Consello Social, cunha estrutura informativa máis axeitada e comprensible. O acordo inclúe o seguimento mediático das novas relacionadas ca UVigo, e máis concretamente co Consello Social. O importe será o mesmo de 2019, 500 €+IVE mensuais durante 2020, prevendo unha revisión semestral ante calquera eventualidade.

- ***A Comisión dá a súa aprobación.***

PUNTO 4

Avaliación e acordo que proceda, para elevación ao Pleno, da distribución de axudas previstas na convocatoria Aberta de Prácticums que promove o Consello Social. Novo procedemento para a tramitación dos pagos.

No informe que se somete á Comisión figuran doce solicitudes (recibidas ao abeiro da convocatoria pública do Plan anual de apoio a titulacións da Universidade de Vigo con dificultades para realizar prácticas preprofesionais). A cifra de peticións aumenta respecto ao pasado ano pola incorporación da Escola de Enxeñaría industria. Sete das peticións proceden do Campus de Vigo, tres de Ourense e dúas de Pontevedra. Consonte as bases, explica o secretario os criterios seguidos para o reparto de asignacións, no que se outorgan 1.800 € a cada solicitude, e primáanse con carácter xeral as prácticas externas e o número de alumnos beneficiados; pondéranse así mesmo as especificidades prácticas de cada proposta e primáanse as fórmulas máis destacadas de achegamento dos alumnos ao mercado laboral, tendo tamén en conta o grao de execución rexistrado na convocatoria anterior. Respecto das anteriores edicións, incorpórase como novidade un novo procedemento para a tramitación dos pagos, seguindo o programa de pedidos da UVigo. Propónse a seguinte distribución:

1. Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía.....	3.100,00 €
2. Escola de Enxeñaría Industrial.....	2.300,00 €
3. Escola Universitaria de Estudos Empresariais.....	900,00 €
4. Facultade de Bioloxía.....	3.014,50 €
5. Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte.....	3.100,00 €
6. Facultade de Ciencias do Mar.....	3.014,50 €
7. Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo.....	2.600,00 €
8. Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación.....	2.200,00 €
9. Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo.....	2.000,00 €
10. Facultade de Dereito.....	3.100,00 €
11. Facultade de Filoloxía e Tradución.....	3.300,00 €
12. Facultade de Historia.....	1.371,00 €

- ***A Comisión informa favorablemente para elevación ao Pleno.***



PUNTO 5

Acordo que proceda sobre a solicitude de colaboración coa Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais para a organización dun Foro de emprego.

Explica Ernesto Pedrosa que a cita ten como obxectivo facilitar o acceso ao mercado laboral do alumnado dos ámbitos de ensino superior non tecnolóxicos. Focalízase cara a empresas e despachos profesionais con interese en captar non só alumnado con perfil de Dirección e administración de empresas, economista ou xurídico, senón tamén con perfís científicos como Químicas, Bioloxía ou Ciencias do Mar. As firmas participantes teñen a oportunidade de captar talento da UVigo. José María Franco amosa o seu máximo apoio.

- ***Apróbase unha aportación de 2.920 €+IVE.***

PUNTO 6

Acordo que proceda sobre a axuda solicitada para organizar o Foro Tecnolóxico, orientado a propiciar a empregabilidade dos alumnos das escolas técnicas do Campus de Vigo.

O presidente apunta que os estudantes organizan o Foro Tecnolóxico, en tres días, para favorecer a contratación e empregabilidade dos alumnos das tres escolas técnicas do Campus de Vigo (Enxeñaría Industrial, de Telecomunicacións e de Minas). As actividades abranguen montaxe de stands para información e recollida de currículos, achegas avaliadoras entre alumnos e empresas, conferencias prácticas e entrevistas rápidas entre alumnos e departamentos de recursos humanos das empresas. A participación prevista é de 1.200 estudantes e vinte empresas. A Comisión decide, excepcionalmente, non aplicar a redución do 20% respecto á edición anterior, tendo en conta que se cumpre o límite de seis anos contemplado como período máximo para o acceso ás axudas do Consello Social.

- ***Apróbase unha axuda de 1.600 €.***

PUNTO 7

Acordo que proceda sobre a proposta de patrocinio dun Premio á mellor iniciativa de innovación social, convocado para alumnos e cidadáns dentro do evento Hack for Good 2020, no Campus de Vigo.

A solicitude que se achega enmárcase no "Hack for Good 2020", que se celebra en doce cidades españolas, entre elas Vigo. O obxectivo é convocar a alumnos e cidadáns que aporten e desenvolvan novas ideas, servizos, aplicacións ou tecnoloxías que axuden a resolver problemas sociais. Dado o aumento de asistentes e participantes na iniciativa, este ano trasládase ao Teatro do Campus, por dispor de máis capacidade que o espazo utilizado ata agora no Edificio Miralles.

- ***Apróbase a aportación de 500 €.***

PUNTO 8

Aprobación da achega precisa para organizar en Ourense o Encontro técnico de secretarios de Consellos Sociais, promovido polo Consello Social de Vigo e a Conferencia de Consellos Sociais das universidades españolas (CCS).

O presidente e o secretario explican que os próximos días 20 e 21 de febreiro, en colaboración coa Conferencia de Consellos Sociais, Ourense acollerá o encontro técnico anual dos secretarios dos Consellos Sociais das universidades españolas, para abordar temáticas que melloren, actualicen e homologuen operatividade e funcionamento. Nesta ocasión falarase de Comunicación e analizarase a incidencia dos Consellos Sociais nos ránkings de transparencia das universidades. O orzamento aínda non se pechou á espera de conciliar partidas de gastos coa Conferencia, polo que se propón unha estimación.

- ***Apróbase unha aportación máxima de 6.000 €.***



PUNTO 9

Acordo que proceda sobre o apoio excepcional, durante 2020, ás actividades e ás diferentes liñas de traballo que possibiliten a posta en funcionamento, operatividade e accións prácticas do Observatorio de Egresados da UVigo.

Como colofón aos traballos iniciados en 2013 e seguintes, para elaborar unha base de datos das persoas tituladas na UVigo que permitirá configurar un Observatorio de egresados, propónse asumir dende o Consello Social, e de xeito excepcional durante este ano para facilitar o proceso de integración na estrutura da UVigo, o inicio da operativa práctica do Observatorio para atender aos 10.172 antigos estudantes rexistrados. As actividades a desenvolver son, entre outras: actualizar a base de datos e realizar informes de seguimento profesional dos titulados; envío periódico de comunicacións sobre eventos no ámbito da UVigo e ofertar formación de Posgrao personalizada; fomentar contidos na páxina de LinkedIn creada para difundir contidos de xeito máis aberto e masivo; creación e actualización de contidos a través dunha canle específica de Youtube, na que se contabilizan xa 19 vídeos; actualización e difusión a través da Web específica do Observatorio; presenza en eventos de titulados cun stand para divulgar a campaña "Conectados". Agardando que o Observatorio sexa asumido e integrado na estrutura da UVigo, e para evitar a súa inactividade este ano.

- ***Acórdase propoñer ao Pleno unha aportación máxima de 24.000 euros para o exercicio 2020, incidindo na excepcionalidade e temporalidade do acordo.***

PUNTO 10

Rogos e preguntas.

Non hai.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13:00 horas do 18 de febreiro, da que eu como secretario dou fe, co visto e prace do presidente.

Vº. e pr.,

O presidente,

O secretario,

Ernesto Pedrosa Silva

Ignacio Rodríguez Iglesias